

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE
FORMACIÓN DO PROFESORADO
(SESIÓN A DISTANCIA)**

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión realízase a distancia de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. O acordo tómase contestando vía correo electrónico, coa opción “responder a todos”, no prazo que vai desde o envío da convocatoria o día 30 de maio de 2022 ata o 3 de xuño de 2022 ás 13:00 h., sendo as opcións: “a favor”, “en contra”, ou “abstención”.

DATA: 3 de xuño de 2022

HORA: 13:00

ASISTENTES:

Barreira Cerqueiras, Eva María (PDI)

Brao Viña, Ana María (PAS)

Caldeiro Pedreira, M^a Carmen (PDI)

Fernández Rodríguez, Thalía (Representante do Estudantado)

López Barreiro, Sara (Representante do Estudantado)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Muñoz Carril, Pablo César (PDI)

Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)

Poncet Souto, Marta M^a (PDI)

Romero Castro, María José (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da modificación do SGC do centro no que respecta á composición da Comisión de Título do Máster DAEN

Composición actual da Comisión de Título do Máster DAEN recollida na páxina 12 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade (5^º edición):

- Decano/a ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- O/A responsable de calidade do centro (RCC), en caso de ser distinto/a ao/á responsable do centro.
- Un coordinador/a, que será PDI do título.
- Un secretario/a, que será elixido/a entre os membros da comisión.

- Un mínimo de catro e un máximo de doce membros do PDI, que serán elixidos entre os/as docentes do título con dedicación a tempo completo na USC.
- O/A responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.
- Un/Unha estudante do título (preferiblemente alumno/a-titor/a ou representante do alumnado).

Proposta de nova composición da Comisión de Título do Máster DAEN:

- Decano/a ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- O/A responsable de calidade do centro (RCC), en caso de ser distinto/a ao/á responsable do centro.
- O/A responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.
- coordinador/a do Máster, que será PDI do título.
- Un mínimo de catro e un máximo de doce membros do PDI, que serán elixidos entre o profesorado do título e, entre os que estarán os seguintes: o coordinador/a do Prácticum; o coordinador/a do Traballo Fin de Máster, e os coordinadores/as dos módulos. Un dos membros do PDI actuará como secretario/a da comisión.
- Un/Unha estudante do título (preferiblemente alumnado titor ou representante do alumnado).

Todos os membros da comisión responden a favor da modificación do SGC do centro no que respecta á composición da Comisión de Título do Máster DAEN.

A comisión acorda aprobar a modificación do SGC do centro no que respecta á composición da Comisión de Título do Máster DAEN, co seguinte resultado:

Votos emitidos: 12
Votos a favor: 12
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

A secretaria

Marta María Poncet Souto

Visto e Prace

M. Carmen Sarceda Gorgoso
Decana

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/07/2022 10:17:46.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/07/2022 09:58:36.

CSV: 9EB3-B245-4878-8141